



Un novo galardón para a Asociación Cedofeita

XXXXXXXX XXXXXX



O día 10 de novembro do pasado ano, no Restaurante Árbore da Veira, situado no miradoiro do Monte de San Pedro da Coruña, o presidente da Asociación Sociocultural Cedofeita de Lérez, Xaime Iglesias, recibía de mans de Juan Loureiro, presidente da Federación de Asociación Veciñais "Castelao" de Pontevedra, o premio COGAVE-2018. Trátase dunha distinción que a Confederación Galega

de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" lle outorgou á nosa asociación, dentro dos premios dirixidos a persoas e institucións que loitan por unha sociedade mellor.

Na motivación do premio que a presentadora da gala, Loreto Silvoso, expuxo perante as máis de cento sesenta persoas asistentes, a maioría delas representantes das federacións de asociacións veciñais galegas, un breve historial que recolle a traxectoria da nosa asociación que motivou o galardón e que, polo seu interese, resumimos a continuación.

A Asociación Sociocultural Cedofeita nace en Lérez, na primavera de 1995, a da man dun grupo de veciños e veciñas que se decataram da conveniencia de crear na localidade unha entidade capaz de ofertar, ao público en xeral, lecer e cultura nas súas diversas expresións. O seu nome lembra a torre ou castelo que as crónicas medievais sitúan en Lérez co nome de Cifofacta e que serviu de vixía e protección ás terras e veciños da contorna na que se incluía a vila de Pontevedra cando aínda non figuraba nas referencias documentais daquel tempo.

De carácter independente, aberto, plural e sen ánimo de lucro, Cedofeita ten entre os seus obxectivos promover o desenvolvemento sociocultural da redonda dando a coñecer o patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural da parroquia e zonas con ela relacionadas, así como fomentar a difusión da lingua e cultura galegas. Para elo, vén realizando ao longo dos anos unha serie de actividades como xornadas micolóxicas, viaxes culturais, talleres de tintura ou elaboración de papel na Feira Franca de Pontevedra e andainas. Tamén ofrece na Casa da Cultura de Lérez os "Venres Culturais" que pretenden ser un lugar de encontro para o deleite, a conversa e intercambio de opinións de socios e socias, de simpatizantes e da veciñanza en xeral, a través de actuacións musicais, conferencias, representacións teatrais, proxeccións, presentación de libros, etc.

No mosteiro de Lérez presenta, desde 1995, unha exposición anual sobre diversos temas. Uns centrados exclusivamente na parroquia (o mosteiro, as xunqueiras, o castelo, etc) e outros de carácter máis amplo, como o viño, a emigración, ferramentas, etc.,





pero todas elas levan unha tintura local, pois, sen prexuízo de referencias a aspectos xerais, os documentos, fotografía e, se é o caso obxectos, que se amosan, están centrados en Lárez, aspecto este que lles dá un carácter próximo.

Desde 1997 a Asociación Cedofeita edita unha revista de periodicidade anual, cuxo obxectivo está orientado a servir de canle a proxectos e realizacións da Asociación, pero ao mesmo tempo está aberta a colaboracións externas. Desde aquela, vén superándose non só en contidos senón tamén en deseño, estando actualmente considerada como unha das publicacións máis significativas da bisbarra de Pontevedra, dentro do seu ámbito. A distribución realízase entre as familias dos socios/as, nos centros de ensino do concello, bibliotecas, asociacións veciñais e culturais, museos, arquivos, etc. Tamén se facilita a aquelas persoas que puntualmente a requiran e a entidades do noso país e de fóra del que a soliciten como acontece coa Universidade de Santiago. A súa presentación realízase na cidade de Pontevedra, nunha sala e acceso libre, así como na Casa da Cultura de Lárez. Os seus contidos pódense consultar, ademais, na páxina web da asociación.

O labor de Cedofeita é posible grazas á confluencia de pequenos esforzos individuais, derivados do entusiasmo da xunta directiva e do apoio de máis dun cento de asociados, sen eles non sería posible que ano tras ano -e xa vai máis dunha vintena-, Cedofeita segue organizando eventos dirixidos ao enriquecemento cultural da redonda. O maior recoñecemento a este labor maniféstase na boa acollida que as súas propostas teñen entre o público, patente no considerable número asistentes ás actividades. Ademais, en 2011, recibiu o "Premio Cidade de Pontevedra" e no mesmo ano foi obxecto dunha homenaxe por parte da Agrupación Amigos de Lárez, galardóns aos que se suma agora o premio COGAVE-2018.

Tal como explicou o presidente no momento da recepción do premio, a Asociación Cedofeita, agradece á Federación de Asociacións Veciñais Castelao por propoñernos para esta distinción e á Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalia de Castro", COGAVE, por considerarnos, finalmente, merecentes dela. E quere compartir este premio cos socios, polas súas achegas, principal fonte de financiamento da asociación, e por participaren, xunto con simpatizantes, nos roteiros que organizamos,

por visitaren as nosas exposicións, por acompañárennos nas viaxes culturais, por patearen os montes nas xornadas micolóxicas, por asistiren aos "venres culturais" e por leren a revista, chamada igualmente Cedofeita. Sen o apoio e participación de ambos, socios e simpatizantes, carecería de sentido a existencia da Asociación Cedofeita. Tamén queremos facer partícipes deste premio aos colaboradores da nosa revista, por brindárennos xenerosamente o froito do seu traballo feito, en moitos casos, tras longas xornadas de investigación.

Non podemos deixar de lembrar aquí todas aquelas persoas e asociacións, espalladas polo noso país, que están levando a cabo un traballo cultural de base nas súas respectivas localidades, un labor desinteresado, non sempre recoñecido pola sociedade, pero importante e imprescindible para a promoción cultural.

Por último, queremos manifestar que este premio constitúe un aliciente máis para continuarmos con maior ilusión o labor emprendido e reafirmármonos no noso compromiso coa defensa da nosa lingua e da nosa cultura, así como co coñecemento e divulgación do noso patrimonio artístico, histórico e ambiental.

